

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*DECRETO 67/2020, do 12 de marzo, de creación do colexio de educación infantil e primaria Novo Mesoiro, no concello da Coruña.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e o artigo 16.1.b) do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (DOG núm. 219, do 16 de novembro), atribúe a competencia para elaborar propostas de creación de centros escolares á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

A creación deste centro docente de educación infantil e primaria mellorará as condicións de escolarización e a oferta educativa na zona de Mesoiro, no concello da Coruña.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, en exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día doce de marzo de dous mil vinte,

DISPOÑO:

Artigo único. *Creación dun colexio de educación infantil e primaria*

Créase o colexio de educación infantil e primaria Novo Mesoiro, no concello da Coruña (código 15033228), con capacidade para 6 unidades de educación infantil e 12 unidades de educación primaria.

Disposición adicional única. *Situación do profesorado*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional determinará as necesidades de acordo coa normativa aplicable.



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para executar e desenvolver este decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de marzo de dous mil vinte

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

